


**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA  
26 DE XUÑO DE 2014.**

<p><b>Sres. Asistentes:</b></p> <p><b>Sr. Alcalde:</b> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><b>Sres. Concelleiros:</b> Dª MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO Dª OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. Dª MERCEDES GRANDE REGUEIRO. Dª MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.</p> <p><b>SR. SECRETARIO:</b> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e doce minutos do día vinteseis de xuño de douce mil catorce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	---

**Punto 1º.- APROBACION SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 30-01-2014, 29-05-2014 E 11 DE XUÑO DE 2014.-**

Interven o Sr. Mesias Farias, manifesando que as actas presentan unhas eivas, a do 11 de xuño se lles entregaron duas actas, e son distintas porque a acta que esta no expediente esta asignada mediante firma electrónica polo Secretario e a acta que se nos entregou en man no é a mesma non esta firmada electrónicamente esta a man, e ademáis ningunha das duas actas esta asignada polo Sr. Alcalde, e entendendo que estas son novo formato dicir que so se nos entregou o CD dunha acta, que é a do 11 de xuño o das duas outras actas non se nos entregou, co cal nos vamos a votar en contra da aprobación.

Sometido a votación o Concello Pleno por 11 votos a favor ( 6 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 NAL) e 2 votos en contra do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación, as actas das Sesións celebradas polo Concello Pleno os días 30-01-2014, 29-05-2014, e 11 de xuño de 2014.



# CONCELLO DE ARES



Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

## Punto 2º.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL NUM. 2 DE FERROL DE 03-06-2014.

Dase conta da Sentenza do Xulgado do Social núm. 2 de Ferrol de data 03-06-2014, na que se dicta o seguinte FALLO:

“ Estimar la demanda interpuesta por don Carlos Manuel Amenedo Soñara frente al Ayuntamiento de Ares y en consecuencia declarar el despido improcedente condenando a la demandada, a su elección a readmitir al trabajador o a indemnizar al acto en la suma de 6.921,94 euros, todo ello con abono para el supuesto de readmisión, de los salarios de tramitación que no haya percibido teniendo en cuenta la limitación que establece el art. 56.1 del E.T.

La indemnización y salarios de tramitación a abonar por la demandada son las siguientes:

- En concepto de indemnización, y de optar la empresa por ella 6.921,94 euros.
- En concepto de salarios de trámite, los dejados de percibir desde la fecha del despido hasta la notificación de la presente resolución, calculados a razón de euros 47.82 Euros/dia, y siempre para el supuesto de optarse por la readmisión.”

O Concello Pleno dase por enterado.

## Punto númer. 3.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAMITACIÓN DE ACTIVIDADES.-

Dase conta do informe do Sr. Secretario do seguinte teor literal:


### INFORME DE SECRETARÍA

*ASUNTO : Ordenanza Municipal de tramitación de actividades en cumplimiento da Lei 20/2013 de Garantía da Unidade de Mercado.*

### ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión Plenaria extraordinaria do día 11 de xuño do 2014, na súa parte dispositiva adoptouse o seguinte acordo :

“PRIMERO. Aprobar y consiguientemente acogerse a las nuevas condiciones financieras de las operaciones de endeudamiento formalizadas en la primera fase del mecanismo de financiación para el pago a proveedores, y en concreto la siguiente:





Opción 3: Reducción 'máxima' del tipo de interés en unos 140 puntos básicos, a la cual se descontará el posible coste de la intermediación bancaria por cambio de operativa y contratos, manteniendo los actuales períodos de amortización y de carencia, con el cumplimiento de las condiciones generales y adicionales fijadas en dicha Resolución de 13-05-14.

**SEGUNDO.** Que el Secretario-Interventor, proceda a comunicar de manera telemática a través de la OVEL la intención del Pleno de acogerse a las medidas, y adjunte el PDF de dicho acuerdo.

**TERCERO.** Acordar la aceptación de las siguientes condiciones Generales:

CONDICIONES GENERALES	
➤ Adhesión automática al Punto general de entrada de facturas electrónicas de la Administración General del Estado de acuerdo con lo previsto en la Ley 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el Sector Público.	
➤ Adhesión automática a la plataforma Emprende en 3 prevista en el Acuerdo del Consejo de Ministros para impulsar y agilizar los trámites para el inicio de la actividad empresarial de 24 de mayo de 2013.	
➤ Proceder a la sustitución inmediata de, al menos, un 30% de las vigentes autorizaciones y licencias de inicio de actividad económica por declaraciones responsables, de acuerdo con lo previsto en la Ley 20/2013, de 9 de diciembre, de garantía de la unidad de mercado, y elaborar un informe de evaluación de las normas de la entidad local que deben modificarse por resultar incompatibles con la Ley 20/2013, de 9 de diciembre, de acuerdo con las directrices fijadas por el Consejo para la unidad de mercado.	

**CUARTO.** Confirmar el Plan de Ajuste vigente.



QUINTO. Remitir de manera telemática la aceptación de las condiciones y el compromiso de adoptar las siguientes medidas:

- *Remisión de copia de haber suscrito el acto de adhesión a la plataforma Emprende en 3.*

- *Remisión de lista de las licencias o autorizaciones de inicio de actividad económica que se sustituirán por declaraciones responsables.*

- *Remisión de compromiso de adhesión automática al Punto general de entrada de facturas electrónicas de la Administración General del Estado desde el día siguiente al de la aprobación de la Orden del Ministro de Hacienda y Administraciones por la que se regulan las condiciones técnicas y funcionales que debe reunir el punto general de entrada de facturas electrónicas*


- *Remisión telemática de confirmación del Plan de ajuste existente, conteniendo la condicionalidad exigida por el Acuerdo y las proyección de medidas comprometidas].”.*

Segundo.- O mesmo día o BOE publicou a Orde PRE/966/2014, de 10 de junio, por la que se publican as características principais das operacións de endebedamento suscritas con cargo ao mecanismo de financiación para o pago aos proveedores das entidades locais.

Terceiro.- Simultáneamente o MHAP publica na OV a ampliación do prazo para a remisión polas entidades locais de documentación necesaria para acollerse ás medidas de modificación de determinadas condicións financieras das operacións de endebedamento suscritas no marco da primeira fase do mecanismo de pagos a proveedores (21 de xuño de 2014).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Nos termos da Orde PRE/966/2014 do MHAP, o Concello de Ares deberá proceder á sustitución inmediata de, alomenos, un 30 % das vixentes autorizacións e licenzas de inicio de actividade por declaracións responsables, de acordo co previsto



na Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade do mercado, e elaborar un informe de evaluación das normas da entidade local que deben modificarse por resultar incompatibles coa Lei 20/2013, do 9 de decembro, de acordo coas directrices fixadas polo Consello para a unidade de mercado.


**Segundo.-** Sentado a priori que tanto a Lei 20/2013, como a Orde PRE/66/2014 do MHAP fan referencia ao establecemento de declaracíons responsables, a Lei 9/2013, do Parlamento de Galicia, de 19 de dicembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, nos seus artigos 23 e 24 "Supresión da licenza municipal de actividade" establece, e comunicación previa:

1. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia suprímese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.
2. Os concellos velarán polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o que comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

#### Artigo 24 Comunicación previa

1. Con carácter previo ao comezo da actividade ou da apertura do establecemento e, no seu caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello respectivo comunicación previa na que porán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a seguinte documentación acreditativa dos requisitos esixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación:

- a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- b) Xustificante de pago dos tributos municipais.
- c) Declaración de que se cumpre con todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan



urbanístico. d) Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación. e) A autorización ou declaración ambiental que proceda. f) As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade. g) No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na presente lei.


**Terceiro.-** Vista a disparidade terminolóxica empregada pola Lei 20/2013 e pola Lei 9/2013 : declaración responsable e comunicación previa, cumpre analizar someramente as diferentes entre ambas expresións.

**Cuarto.-** O art. 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común -LRJPAC-, na súa redacción dada polo art. 2 da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, define os conceptos que nos ocupan nos seguintes termos:

**DECLARACIÓN RESPONSABLE:** é o documento subscrito por un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.

**COMUNICACIÓN PREVIA:** é o documento mediante o que os interesados pon en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no art. 70.1 LRJPAC.

As declaracións responsables e as comunicacións previas producirán os efectos que se determinen en cada caso pola lexislación correspondente e permitirán, con carácter xeral, o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade,



desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas. No entanto, a comunicación poderá presentarse dentro dun prazo posterior ao comezo da actividade cando a lexislación correspondente prevéao expresamente.


A inexactitud, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme os termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

As Administracións Públicas terán permanentemente publicados e actualizados modelos de declaración responsable e de comunicación previa, os cales se facilitarán de forma clara e inequívoca e que, en todo caso, poderanse presentar a distancia e por vía electrónica.

No ámbito específico local, o tenor do art. 84.1. c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local -LRBRL, prevé como medio de intervención das Entidades Locais na actividade dos cidadáns ao mesmo nivel, o "someteremo a comunicación previa ou a declaración responsable, de conformidade co establecido no art. 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común".

A pesar de que, aparentemente, a declaración pode ter maior importancia que a comunicación, a Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades




de servizos e o seu exercicio as equipáraa ao esixirse de forma indistinta a presentación dunha ou outra.

A primeira diferenza atopámola en que mentres a primeira figura está definida no art. 3.9 -LAS-, sobre a segunda non se fai definición algúnh, entendendo que porque realmente non necesita unha definición para entender o alcance e contido da mesma. Así, estas técnicas xa eran coñecidas no noso Dereito, por exemplo, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións -LGS-, e a Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público -LCSP-, prevén a declaración responsable, ou a Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeneral de Telecomunicacións, a comunicación ou "notificación irrefutable" antes do inicio da actividade.

Do mesmo xeito, son mecanismos recoñecidos noutros ámbitos do noso ordenamento, por exemplo, polas Xuntas Consultivas de Contratación Administrativas; así a de Aragón, en Informe 16/2010, de 1 de decembro, recoñece a declaración responsable achegada no momento de presentación da documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos polos licitadores, como medio válido para documentar o cumprimento da esixencia legal de contratación de persoas discapacitadas; ou, pola xurisprudencia, así por exemplo, o TSJ C. Valenciana na súa Sentenza de 8 de xullo de 2009, no seu FJ 3º recoñece a forza xurídica vinculante do acto comunicado ao sinalar que:

*"... la transmisión de la actividad o cambio de titularidad no tiene efectos constitutivos si no existe una modificación de las condiciones; es un acto comunicado amparado en el carácter objetivo de las licencias, conforme a los artículos 13 y 15 del Reglamento de Servicios de las Corporaciones locales de 17 de junio de 1955, debiendo acreditarse la transmisión operada mediante autorización del anterior titular (...) el acto comunicado no constituye una facultad conferida a los entes locales para revisar una licencia concedida, so pena de incurrir en desviación de poder prohibida por el art. 63.1 de la Ley 30/92, y ello en la medida en que la Administración debe limitarse a resolver en dicho procedimiento iniciado por el particular si procede o no dicho cambio de titularidad, sin perjuicio de iniciar con posterioridad los trámites oportunos para el restablecimiento de la legalidad urbanística o medioambiental, en el supuesto de que se incumplieran las condiciones contenidas en la licencia. Con ello no se quiere decir que la Administración no siga teniendo sus competencias en orden a exigir en todo momento el que la actividad se ejerza conforme a los requisitos legalmente exigidos, que pueda exigir la adaptación de la misma a nuevas exigencias, que pueda imponer medidas correctoras, y que en caso de incumplimiento pueda incoar el correspondiente expediente de disciplina urbanística".*



En definitiva, a declaración responsable é o documento subscrito polo promotor dunha actividade ou polo titular dun dereito ou expectativa de dereito que suple á documentación técnica, xurídica ou administrativa esixida pola normativa sectorial para o seu exercicio, ou para acreditar as circunstancias alegadas.


Pola súa banda, a comunicación previa ou acto comunicado é o acto con efectos en orde administrativa que nace da posta en coñecemento á Administración por parte do titular dun dereito derivado da súa posición xurídica respecto daquela, necesitado ou non dunha toma de coñecemento pola Administración receptora, e que desprega os efectos dispostos pola norma legal ou regulamentaria que o prevexe.

Para o acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o acto comunicado e a declaración responsable poden coincidir nun mesmo documento, por así habelo previsto a norma sectorial, pero no resto de ámbitos e materias non teñen por que coincidir ao non ser documentos alternativos, tendo cada un a súa propia identidade.

**Quinto.-** Cumpre significar que o tribunal Constitucional, por providencia de 8 de abril de 2014 acordou admitir a trámite o recursos de inconstitucionalidade (**recursos de inconstitucionalidade nº. 1397-2014 e 1411-2014**) promovidos polo Parlamento e o Goberno de Cataluña contra diversos preceptos da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

**Sexto.-** Segundo as directrices da Lei 9/2013, do Lei 9/2013, do Parlamento de Galicia, de 19 de diciembre, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, é polo que na Ordenanza Municipal de tramitación de actividades optouse pola comunicación previa.

**Sétimo.-** Incidir en que dada a natureza do Concello de Ares, prácticamente carente de actividade industrial ou comercial, a incidencia da mesma será casi nula e reduciráse a



simples aperturas ou transmisiones de establecimentos, na súa mayoría dos considerados inocuos."

Sometido o asunto a votación o Concello Pleno por 11 votos a favor ( 6 do PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 NAL) E 2 votos en contra do Grupo Municipal do BNG, acorda:

1.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal de tramitación de actividades en cumprimento da Lei 20/2013 de Garantía da Unidade de Mercado, que figura como Anexo o presente acordo.

2º.- Expoñer a mesma a información o obxecto de suxerencias e reclamacións durante o período de 30 días, mediante publicación anuncio no Boletín Oficial da Provincia, entendendose definitivamente aprobada en caso de non presentación de reclamacións:


ANEXO:

**ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAMITACIÓN DE ACTIVIDADES-CUMPRIMENTO DA LEI 20/2013 DE GARANTÍADA UNIDADE DE MERCADO.**

A Directiva 2006/123/CE aprobada polo Consello Europeo con data 12 de decembro de 2006 e a súa transposición ao ordenamento español na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; asemade, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e; a normativa autonómica, a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva, establecen a comunicación previa ou declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto ás licenzas, o que implica unha importante modificación do réxime de control das actividades polos Concellos.

Así mesmo, a recentemente aprobada Lei de economía sostible (Lei 2/2011, do 4 de marzo) reforma a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que agora dispón no seu novo artigo 84 bis o seguinte:

"Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Non obstante, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que lle afecten á protección do medio ambiente ou do



patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada. En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se encontra xa cuberto mediante outra autorización xa existente."

A Lei de economía sostible engade un artigo 84 ter. á Lei de bases de réxime local coa seguinte redacción:

«Cando o exercicio de actividades non precise autorización habilitante e previa, as Entidades locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da mesma polos interesados previstos na lexislación sectorial.»

Á súa vez a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local da nova redacción a dito artigo 84.bis quedando o mesmo :

"1. Sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo anterior, con carácter general, el ejercicio de actividades no se someterá a la obtención de licencia u otro medio de control preventivo.


No obstante, podrá exigirse una licencia u otro medio de control preventivo respecto a aquellas actividades económicas:

a) Cuando esté justificado por razones de orden público, seguridad pública, salud pública o protección del medio ambiente en el lugar concreto donde se realiza la actividad, y estas razones no puedan salvaguardarse mediante la presentación de una declaración responsable o de una comunicación.

b) Cuando por la escasez de recursos naturales, la utilización de dominio público, la existencia de inequívocos impedimentos técnicos o en función de la existencia de servicios públicos sometidos a tarifas reguladas, el número de operadores económicos del mercado sea limitado.

2. Las instalaciones o infraestructuras físicas para el ejercicio de actividades económicas solo se someterán a un régimen de autorización cuando lo establezca una Ley que defina sus requisitos esenciales y las mismas sean susceptibles de generar daños sobre el medioambiente y el entorno urbano, la seguridad o la salud públicas y el patrimonio histórico y resulte proporcionado. La evaluación de este riesgo se determinará en función de las características de las instalaciones, entre las que estarán las siguientes:

a) La potencia eléctrica o energética de la instalación.



- b) La capacidad o aforo de la instalación.
- c) La contaminación acústica.
- d) La composición de las aguas residuales que emita la instalación y su capacidad de depuración.
- e) La existencia de materiales inflamables o contaminantes.
- f) Las instalaciones que afecten a bienes declarados integrantes del patrimonio histórico.

3. En caso de existencia de licencias o autorizaciones concurrentes entre una Entidad Local y otra Administración, la Entidad Local deberá motivar expresamente en la justificación de la necesidad."

Así pois, é preciso regular o procedemento de comunicación nunha nova ordenanza e establecer as actividades que quedan excluídas deste mecanismo de control que con carácter xeral se establece no artigo 84 bis da Lei de bases do réxime local para as actividades.

Hai que ter en conta que o propio artigo 84, bis xa establece os criterios polos que certas actividades quedan excluídas desta declaración responsable, como son a protección do medio ambiente e do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e a ocupación dos bens de dominio público.


Polo tanto, a comunicación previa non é aplicable ás seguintes actividades (polo que deben quedar suxeitas ao procedemento de solicitude e concesión previa de licenza) :

- As actividades excluídas da Directiva 2006/123 CE
- As que se inclúan no Catálogo de actividades da Xunta de Galicia, Decreto 292/2004, modificado por Decreto 160/2005.
- As determinadas na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia.
- As que precisen inspección sanitaria previa sobre condicións hixiénico-sanitarias antes do exercicio da mesma.

## COMUNICACIÓN PREVIA

### Artigo 1.

É obxecto da presente ordenanza a adopción de medidas de simplificación administrativa nos procedementos de autorización e control das actividades que se desenvolvan no concello de Ares, no



marco das competencias municipais recoñecidas no artigo 84 da Lei reguladora das bases do réxime local.

**Artigo 2.**

1. O desenvolvemento dunha actividade comercial, industrial ou de servizos estará suxeito á presentación dunha comunicación previa no Concello, agás nos casos nos que esta ordenanza require que se solicite e obteña unha licenza de apertura ou de actividade.

2. As declaracíons responsables e as comunicacíons previas permitirán o exercicio dun dereito ou ben inicio dunha actividade dende o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación que ten atribuídas esta administración.

**Artigo 3.**

1. Entenderase como comunicación previa aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento do Concello os seus datos identificadores e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade.

2. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe a unha declaración responsable ou a una comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración de calquera delas, determinará a imposibilidade de continuar coa actividade afectada dende o intre no que se teña constancia de tales feitos.

Así mesmo, a resolución da Administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao intre previo ao inicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou administrativas.

**Artigo 4.**

Estarán sometidas ao trámite de comunicación previa as seguintes actividades:

1. Actividades de carácter non mercantil ou industrial das que sexan titulares os órganos da Administración pública.
2. Locais comerciais ou de servizos cunha superficie construída menor de 100m<sup>2</sup>.
3. Academias de ensino até 150m<sup>2</sup> de superficie construída, agás academias de baile, música ou canto.
4. Centros destinados ao culto relixioso.




5. Actividades profesionais que se desenvolván en locais ou establecementos que non excedan de 150m<sup>2</sup> de superficie construída.
6. Oficinas ou locais pertencentes a entidades sen ánimo de lucro, sempre que non desenvolván actividades mercantís ou industriais.
7. Pensións dunha, dúas e tres estrelas.
8. Garaxes de uso privado non autorizados coa licenza de edificación con capacidade inferior a cinco prazas e unha superficie que non supere os 100m<sup>2</sup>.
9. Aparcadoiros e exposición de vehículos ao aire libre sen límite de prazas nin superficie.
10. Cambios de titularidade.
11. Locais comercias ou de servizos entre 100 e 400m<sup>2</sup> de superficie e 15 Kw de potencia mecánica instalada.
12. Despachos profesionais de máis de 150m<sup>2</sup> ata 400m<sup>2</sup> de superficie e 15 Kw de potencia mecánica instalada.
13. Establecementos hoteleiros ata 25 prazas sen cafetería ou restaurante.
14. Centros docentes, centros de educación infantil, primaria e secundaria, agás os centros incluídos no Decreto 329/2005 da Xunta de Galicia. Aqueles centros docentes que dispoñan de instalacións tales como cociñas, piscinas, depósitos de combustible, etc, que requiran licenza de actividade ou de apertura deberán proceder a formalizar a correspondente solicitude.
15. Actividades industriais, talleres artesanais e similares, cunha Qs igual ou menor a 425 MJ/m<sup>2</sup> e unha superficie útil menor ou igual a 60m<sup>2</sup>.
16. Actividades de almacenamento de obxectos e materiais sempre que a súa superficie sexa menor de 500m<sup>2</sup> e a súa Qs sexa menor de 425 MJ/m<sup>2</sup>, agás as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos.
17. Actividades de almacenamento de produtos petrolíferos, químicos con recipientes de presión ou con produtos químicos que non necesiten proxecto técnico segundo a normativa específica de aplicación.
18. Centros de diagnóstico e laboratorios de análises clínicas sen manipulación de produtos inflamables nin contaminantes.

## Artigo 5

1. A comunicación previa debe incluir:

1. O nome, endereço, teléfono e, no seu caso, o endereço de correo electrónico do titular ou titulares.
2. O nome, dirección, teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico do representante.
3. A situación exacta do local da actividade.
4. A descripción da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.



A comunicación previa deberá vir acompañada de plano de situación en cartografía municipal da actividade, plano do local coas súas instalacións e unha acreditación subscrita por técnico competente que certifique que a actividade compe a normativa aplicable. A acreditación encherá o modelo aprobado polo Concello incluído no anexo desta ordenanza.

No caso dos cambios de titularidade deberán achegarse datos que permitan a identificación do expediente de autorización da actividade cuxo cambio de titularidade estase a solicitar, ou a certificación municipal emitida tras a comprobación posterior á presentación no seu día da comunicación ou declaración responsable. Así mesmo, deberá achegar fotocopia do título que ampare a transmisión do local ou establecemento e autorización asinada polo anterior titular da actividade.

## Artigo 6

Cando se presente unha comunicación previa efectuarase o depósito previo correspondente pola actividade inspectora levada a cabo por esta administración, de acordo co que dispoña a correspondente Ordenanza fiscal.

## Artigo 7


1. O Concello comprobará os datos facilitados polos interesados e examinará a documentación técnica achegada para comprobar se se axusta á normativa aplicable. No caso de que non se presente a documentación prevista nesta ordenanza, nas actividades suxeitas a comunicación previa, o concello ordenará o inmediato peche da actividade, ata que se proceda á presentación de dita documentación.

No entanto, se examinada a documentación presentada. Si se constata a existencia de deficiencias de escasa entidade o Concello requiriralle ao titular da actividade que achegue nova documentación que emende as ditas deficiencias, concedéndolle para isto o correspondente prazo de emenda previsto no artigo 71 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O mesmo réxime será aplicable ós supostos de comunicación previa nos que a actividade xa está a desenvolverse.

2. No suposto de que non sexan emendadas as deficiencias, no prazo legalmente concedido, procederase a ordenar o peche do establecemento.

3. No caso de que a documentación sexa correcta, os técnicos municipais cursarán visita de inspección ao local para comprobar se se axusta á documentación presentada e a normativa aplicable.



## Artigo 8

1. Una vez recibida a comunicación o titular da actividade poderá comezar a exercela, sen prexuízo de que os técnicos municipais curseas as visitas de inspección precisas para comprobar se se axusta á normativa aplicable.
2. O incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente ou nesta Ordenanza determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e dende o intre en que se teña constancia destes feitos, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais e administrativas, en que poida incorrer o interesado.

A resolución que declare estas circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao intre previo ao inicio da actividade.

3. En todo caso, o titular da actividade será o único responsable das molestias ou prexúizos que poida causar.

## Artigo 9

Nos casos nos que sexa precisa a realización de obras de construcción ou acondicionamento do local, deberá solicitarse a oportuna licenza se fose procedente e achegar a documentación técnica esixible, con independencia que se trate dunha actividade suxeita a comunicación previa.

Rematadas as obras o titular da actividade notificará ao Concello aportando o certificado final do técnico director e os boletíns dos instaladores autorizados para que se poida cursar a pertinente visita de inspección.


## Artigo 10

No suposto de actividades suxeitas ao réxime de comunicación previa regulado na presente ordenanza, a Administración realizará ás comprobacións oportunas e emitirá un acta da inspección do técnico municipal para que quede constancia de que a actividade se axusta á documentación achegada e á normativa aplicable.

## Artigo 11

Nestes procedementos o Concello deberá proceder a efectuar a inspección nun prazo máximo de dous meses dende a presentación da comunicación ou a declaración responsable.

En ningún caso se entenderán adquiridos dereitos en contra do disposto na lexislación e o planeamento vixente.



## Artigo 12

Nos casos nos que se exerza unha actividade sen a debida presentación da comunicación ou declaración responsable, ou cando non cumpla a normativa aplicable ordenarase o peche do establecemento, sen prexuízo da aplicación do disposto na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.


## LICENZA DE APERTURA OU DE ACTIVIDADE

### Artigo 13

1. Deberá solicitarse a pertinente licenza de apertura ou de actividade nos casos nos que así o esixe a protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo ou a ocupación dos bens de dominio público.
2. Enténdese que se encontran nos supostos previstos no parágrafo anterior as seguintes actividades:
  1. As excluídas do ámbito de aplicación da directiva 2006/123/CE e, polo tanto non recollidas nos artigos 4 e 5 da presente ordenanza.
  2. As que se inclúen no Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado por Decreto 160/2005.
  3. As que precisen inspección sanitaria previa sobre condicións hixiénico-sanitarias antes do exercicio da mesma.
  4. As actividades e servizos non suxeitos ao trámite de comunicación previa, e polo tanto non incluídos nas relacións contidas nesta ordenanza.

### Artigo 14

1. Nos supostos nos que debe solicitarse a licenza de apertura ou de actividade, esta tramitarase de acordo co procedemento establecido pola normativa aplicable en cada caso e concederase xunto coa licenza urbanística cando sexa preciso a realización de obras de construcción ou de acondicionamento.
2. O Concello notificaralles aos titulares da actividade que acheguen toda a documentación técnica que se sexa preciso para emendar as deficiencias que os técnicos municipais atopen na documentación inicialmente presentada.
3. Finalizadas as obras de construcción ou acondicionamento, os titulares da actividade notifícaranlle ao Concello o seu remate achegando o certificado final do técnico director, boletíns dos instaladores e as autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, para que os técnicos municipais curseen as pertinentes visitas de inspección.



4. En caso de que a actividade se axuste á documentación autorizada coa licenza de apertura ou actividade e cumpra a normativa aplicable, concederase a licenza de funcionamento.

5. Non poderá comezar a exercerse unha actividade en tanto que non se conceda a pertinente licenza ou autorización de funcionamento.

#### Disposición adicional

A Alcaldía poderá adaptar, modificar ou ampliar os modelos normalizados incluídos nos anexos desta ordenanza. Os modelos modificados serán obxecto de publicación na correspondente páxina web do Concello.

#### Disposición derogatoria

A presente Ordenanza Municipal de Tramitación de Actividades modifica á Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por licencia de apertura de establecimento, quedando esta última derogada no que se opona ou contraveña á devandita Ordenanza Municipal de Tramitación de Actividades.

#### Disposición Final

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.


#### ANEXO

1.- Modelo de Comunicación previa.

2.- Modelo de Certificación de ejecución das actividades suxeitas a comunicación previa.

#### MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA


Interesado



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

DI	Nome e apelidos		
Enderezo para os efectos de notificacións			
CP	Municipio	Provincia	Teléfono
Correo electrónico			
<b>Representante</b>			
DI	Nome e apelidos		
Enderezo para os efectos de notificacións			
CP	Municipio	Provincia	Teléfono
Correo electrónico			
No suposto de <b>CAMBIO DE TITULARIDADE</b> dunha actividade anterior indicarase a continuación o nome do anterior titular que Deberá asinar conjuntamente co solicitante este impreso, achegándose fotocopia do título no que se conteña a transmisión.			
DI	Nome e apelidos		
Enderezo para os efectos de notificacións			
CP	Municipio	Provincia	Teléfono
Correo electrónico			
<b>Expón</b>			
Que de conformidade coa Ordenanza municipal de actividades e o resto da normativa aplicable veño a efectuar <b>COMUNICACION PREVIA</b> pola que declaro que a actividade que vou a levar a cabo no local de metros de superficie, consistente en			
sita en _____ con denominación comercial _____ cumpre con toda a normativa preceptiva segundo se accredita na certificación de técnico competente que se adxunta a esta solicitude. Esta actividade ten pagados os tributos municipais correspondentes á licenza co número			



## *CONCELLO DE ARES*

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

de documento de ingreso.

### Autoriza

Aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á administración destinataria deste escrito a comprobación telemática con outras Administracións públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Comunica

que iniciará a actividade a partires do día \_\_\_\_\_ (no caso de non indicar data entenderase a partires do mesmo día da presentación da instancia).

o que asino de xeito responsable

ARES, de de 20


Asinado: O interessado  
da actividade

Asinado: O representante

## Asinado: O anterior titular

## **SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARES**

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións publicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.



Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e podrán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ares. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

**MODELO DE CERTIFICADO DE EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA****Certificado (a cumplimentar polo/a técnico/a)**

D./Dª. \_\_\_\_\_, t  
écnico/a director/a das instalacións e medidas correctoras, en posesión do título \_\_\_\_\_ número de colexiado/a \_\_\_\_\_ referentes á actividade solicitada de \_\_\_\_\_ CERTIFICO :

**1. Que a instalación da actividade:**


- foi realizada baixo a miña dirección.
- Que o local xa estaba acondicionado por licenza\_\_\_\_\_ e non se realizaron as obras por reunir éste todos os requisitos.

**2. Que se teñen adoptado con eficacia todas as medidas correctoras necesarias para dar cumprimento a toda a normativa técnica de aplicación, PXOM/NSPM, e que estas son suficientes para garantir que non se producen molestias á veciñanza.**

**3. Que a actividade e instalacións executadas axústanse ao descrito na presente documentación.**

**4. Que o illamento acústico do local é suficiente para garantir o cumprimento do disposto na normativa reguladora da emisión e recepción de ruidos.**

**5.- Que a actividade cumpre o establecido na normativa vixente contra incendios e sectorial**



correspondente.

6. Que a actividade cumpre o establecido na Lei 7/1997 e Decreto 35/2000, para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas.

Por iso, declaro que as instalacións e as medidas correctoras están totalmente executadas e preparadas para funcionar.

Así mesmo, manifesto, baixo xuramento ou promesa, que é certo que teño actuado coa máxima obxectividade posible, tomando en consideración tanto o que poida favorecer como o que poida causar prexuízos o meu cliente e coñezo as sancións administrativas e/ou penais no caso de incumprir o meu deber como técnico/a redactor/a.

**Titular da actividade**

D/Dna.	Nome e apelidos
--------	-----------------

Endereço para os efectos de notificacións			
---	--	--	--

CP	Municipio	Provincia	Teléfono
----	-----------	-----------	----------

Correo electrónico
--------------------

**Datos da actividade**

Descripción da actividade
---------------------------


Referencia catastral do local da actividade
---

Endereço actividade
---------------------

Altura do local:	Superficie construída:	Superficie útil:	Superficie ampliación:
------------------	------------------------	------------------	------------------------

Potencia mecánica (KW)	Aforo total:
------------------------	--------------

Nivel de illamento acabado con respecto ás vivendas estremeiras	db (A)
---	--------



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

## Usos

Clasificación do solo	<input type="checkbox"/> Urbano <input type="checkbox"/> Urbanizable	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Rústico
Cualificación do solo (ordenanza)	Uso segundo PXOM/NSPM	Conformidade da edificación co PXOM/NSPM	
Compre coa normativa urbanística e ordenanzas municipais de aplicación: <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non			

## Relación de instalación de que dispón a actividade.

Eléctrica: <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non	Contraincendios: <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non
Climatización/ventilación forzada: <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non	Outras: <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non
Gas: <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non	


## Planos que deben achegar

- Plano de emprazamento de planimetría municipal a escala 1:500 ou 1:1000 no que figure a totalidade do lugar no que se atope situada a actividade.
- Plano de planta a escala, non menor de 1:100 con situación de instalacións e maquinaria
- Plano de sección a escala, non menor de 1:100 con situación de instalacións e maquinaria
- Esquema unifiliar de instalación eléctrica
- Plano de alzada a escala non menor de 1:100

## Autorizacións sectoriais preceptivas á instalación

## Autorizacións sectoriais preceptivas para o funcionamento da actividade.

ARES,                   de                   de 20



## CONCELLO DE ARES

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



O interesado

Asinado: O tecnico autor do proxecto

Asinado:

### SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARES

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións publicas e do procedemento administrativo común, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereitoou ao inicio da actividade correspondente.


Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de ARES. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello. "

### CONTROL E FISCALIZACION DOS ORGANOS DE GOBERNO.

### PUNTO 4º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

De conformidad e co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucóns adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.



**PUNTO 5º.- MOCIONES E PROPOSTAS.-**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do seguinte teor literal:

**"O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE do Concello de Ares, en aplicación do disposto no Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, presenta diante do Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN relativa a INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DERROGACIÓN DO APARTADO "C" DO ARTIGO 41, DA LEÍ 9/2013, DE 19 DE DECEMBRO, DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA, a fin de que sexa debatida e votada na sesión plenaria ordinaria correspondente ó mes de xuño do 2014:**


**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As comisións de festas teñen sido históricamente en Galicia o instrumento que tradicionalmente teñen creado os vecinos para organizar as festas das súas parroquias ou barrios. Calquera que tivera contacto con unha délas sabe o moito de esforzó e altruismo que aportan seus componentes á hora de facer realidade as necesidades festivas dos seus pobos; sendo un exemplo claro de colaboración e participación cidadá á hora de atender demandas colectivas.

Neste contexto, o pasado día 27 de decembro, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Leí 9/2013, do 19 de decembro, denominada "**do emprendemento e da competitividade económica de Galicia**". Nesta disposición legal inclúese unha nova regulación para a concesión de licenza a determinadas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas, e ó seu tenor, no artigo 41, letra c) sinálase que será preciso a obtención de licenza para "**a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles**".

Este artigo afecta directamente, e dun xeito moi negativo, á labor que desenvolven as comisións de festas, que vense obrigadas a levar a cabo uns trámites administrativos complexos e custosos diante dos Concellos á hora de organizar, baixo criterios de estrita legalidade, as festas locais, o que dificulta a súa labor, xa de por si complicada.

Baste dicir que se lies obriga a presentar un proxecto, asinado por técnico competente, no que se determine o axuste das festas á normativa urbanística e sectorial, e que estableza determinacións sobre prevención e seguridade en incendios. Tamén teñen que presentar, entre outra documentación, plan de emerxencias, plan de auto protección, estudio da mobilidade xerada, estudio de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria, (art. 42 da sinalada lei).



Nin que dicir ten que, a Xunta de Galicia ó imponer estas obrigas, manifesta o seu descoñecemento da realidade das festas parroquiais e de barrio no noso País, así como do xeito de organizarse e traballar das comisións veciñais de festas, e pon en moi serio perigo a continuidade destes actos festivos populares.

Mais alá desteinxente prexuízo ós cidadáns, non é menor o que se lie causa ós sectores profesionais que se moven ó seu redor: orquestras e grupos musicais, axentes de espectáculos, feirantes, empresas de atraccións de feira, hostalaría local, etc.

Esta é unha clara mostra dunha disposición legal innecesaria que, como nos ten acostumados a Xunta de Galicia con moitas das súas normas, non só non resolve problema algúun, senón que directamente crea un de enorme transcendencia.


Por último non podemos menosprezar os efectos negativos que xera esta norma a gobernos municipais e ás súas estruturas administrativas, que se están vendo obrigados a aplicar unha disposición a todas luces innecesaria e impopular, cargándose, en tempos de penuria das arcas municipais, de mais traballo e custos.

**Por todo o anterior o GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PSOE presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:**

1º. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a **modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro**, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no **artigo 41, apartado c)**, no que se refire á obriga ás comisions de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.

2º. Dar traslado do presente acordó ós grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ó acordado neste punto polo."

Sometida a votación a Moción o Concello Pleno por 6 votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, 4 votos en contra do P.P. e 3 abstencións (2



BNG e 1 NAL), ACORDA prestarlle a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

Acto seguinte e previo a entrar no punto de Rogos e Preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente preguntase ós voceiros se teñen algúnhha Moción para someter a consideración do Pleno pola via de urxencia, non presentándose ningunha.


**PUNTO 6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr. Fernandez Permuy, manifestando que a Rúa Concepción Arenal estaba pendiente do arranxo parece ser que a semana pasado ou hai duas semanas se lle deu un lavado e se tapou os baches, non sei se vai a quedar así ou se vai a reparar mellor do que está.

O Sr. Mesias Farias, di que xa que no noso Regulamento Orgánico Municipal no seu artigo 29 permite esta posibilidade de formular cuestión a alguns órganos de goberno, fagolle esta cuestión o Concelleiro Sr. Luis Cendán que é o Concelleiro Delegado para a elaboración do PXOM, e a cuestión é se me pode dicir cantas alegacións se presentaron por rexistro ó Plan.

Outra é que hai unha sentenza por despido improcedente, entonces eu queríalle rogar o Sr. Alcalde ou preguntar se el considera que este é un caso dos que nos tiñamos denunciado, consecuencia desa contratación que nos estimamos caciuil e a dedo enchufares, que nos denunciamos xa antes e que polo tanto é un despido improcedente, que nos consideramos que debería ter unhas repercusións políticas porque ó cabo é o Concello quen ten que facer fronte ó pago deses 6900 euros ou senón readmitir o traballador. Tamen queríalle preguntar o Sr. Alcalde que o que aquí ven e a resolución que di que se lle faga o pago en lugar de readmitir o traballador, entonces o outro día na Xunta de Voceiros o Secretario creo recordar que dixo que se ía a impugnar ou algo así, se esta decisión é unha decisión que hai que tomar antes de facer a impugnación ou se xa é definitiva en contra do que dixo o Secretario o outro día.

Outra é o respecto dos informes trimestrais que se mandan o Ministerio de Economía, o que quero saber é, que entre a documentación que se envía, se envían tamén os informes de Secretaria Intervención por exemplo o informe de liquidación do orzamento 2013 onde o Secretario sinala o final que dada a elevada contía dos dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados, recomendase instruir o perceptivo expediente de anulación de dereitos recoñecidos de exercicios anteriores por prescripción insolvencio ou outras causas, queremos saber si o Ministerio conta tamén con esta información e estos datos.



Outra pregunta refirerese á limpeza da praia de Seselle que houbo a semana pasada ónde un colectivo de veciños e veciñas, usuarios da praia acometeron unha iniciativa de limpeza de praia debido a desidia do goberno ó non ter as praias limpas.

Hai outra cuestión que lle formulei no Pleno do mes pasado e é, a respecto das respuestas a Santa Catalina que lle formulei o día 15 de xaneiro, esta petición ía cunhas respuestas concretas, e a petición era que se respondesen por escrito, o que houbo o mes pasado foi unha opinión do Sr. Alcalde que logo non é a respotas a esas preguntas concretas, que deberían ser por escrito, co cal rogamos que nos responde dunha vez por escrito as preguntas que lle formulamos.


E a última cuestión é unha cuestión que ten que ver coa contratación de persoal de limpeza de praias, presentamos esta semana pasada unha denuncia sobre a resolución do resultado desas prazas, e quería saber que nos dixerá o Sr. Alcalde si tiveron en contra ese imcumprimento que nos costatamos das bases e cales van a ser as consecuencias.

Interven o Voceiro do PP Sr. Sixto Galiano, manifestando que ten unha serie de preguntar, a primeira é en relación a Sentenza que se acaba de leer agora, espero que se readmita ó empregado, xa que entende que é tirar o diñeiro directamente, hai unha sentenza favorable a un traballador e unha semana despois se contrata a outro, non ten sentido despedir un traballador e na semana seguinte convocar con urxencia o posto do traballador.

A segunda é que non se realizan as Comisións Ordinarias obligatorias, o mes pasado non se convocou a Comisión de Persoal, dixo que non había temas para debatir na Comisión de Persoal, e resulta que se contrataron a 30 persoas este mes, entonces si para 30 contratos non é necesaria unha Comisión de Persoal, entonces para que están as Comisións, mellor non convocar a ningunha, quero dicir porque non se convocou unha Comisión de Persoal xa que se contrataron a 30 persoas.

A miña seguinte pregunta é en relación os traballadores das praias, os traballadores das praias están realizando cometidos que non son limpeza de praias, se contratan a 20 persoas para limpeza de praias unha maquina para limpar as praias, tendo unha maquina o Concello, por valor de 9600 euros, os traballadores das praias non están realizando o seu cometido, están no campo de futbol do Numancia, ou pintando as rúas, entendo que nun día puntual como pode ser Corpus que a xente das praias este limpando as rúas o entendo, o que non entendo e que a día de hoxe non están limpando as praias cando están contratados para eso, vou a chamar a Inspección de Traballo para que constate o que estou dicindo eu.

En que situación está a subvención do barco, porque o Barco leva tres anos sen sair, tengo entendido que se vai a contratar a un maquinista, a un mariñeiro e a un Patrón, e pregunto en que situación está, se vai a sair o barco e como vai a sair.



A seguinte pregunta non é unha pregunta é unha esixencia que se amañen as beirarúas da Avda. de Gabeiras, non ten sentido que unha empresa leve un cable para o Porto e que non deixe as beirarúas como estaban.

A seguinte pregunta é en que situación están as alegacións do Plan Urbanístico.

A seguinte e unha queixa, que é a seguinte, que a xente se está a queixar que se cambiaron sen nengún criterio a numeración das beirarúas.

E a última pregunta, é que o ano pasado se cedeu unha casa do Concello a unha persoa en Cervás, pasou un ano segue viviendo ahí non sabemos se paga a casa, se nón paga en que situación esta.

Perdón me queda unha, solicitamos o informe da Policia Local, hai un mes, porque unha inspección da Policia Local no grupo municipal e todavía non se nos deu acceso, quero preguntar porque non se me deu acceso a este informe da Policia Local, porque nos somo implicados neste feito.


Resposta o Sr. Alcalde, que a Rúa Concepción Arenal o pasado ano se revacheu, habíamos quedado que necesitaba un revacheo urxente, e se fixo unha actuación de urxencia, sabemos que nesa rúa hai que renovar servicios, meter un asfaltado definitivo e tirar o diñeiro o que se fixo foi unha actuación urxente. Esta rúa vai no ámbito dun Convenio coa Deputación de A Coruña, o que se fixo foi mellorala pero non se lle meteu a capa definitiva por si hai que abrir algúns puntos que están a dar algúns problemas.

En canto a Sentenza que se traia a Pleno para dar conta se recurreu, entonces efectivamente temos que esperar a que se reafirme, estamos pendentes do recurso, se executan sentenzas firmes e esta non é firme, falta un percorrido xudicial e estamos nel. Cando a sentenza sexa firme miraremos a maneira de executala e cumplirla como sempre se fixo neste Concello.

Con referencia os informes de Intervención se envían todos, se envían con esas rendicións de contas trimestrais.

O de Santa Catalina respostei no Pleno de mes pasado, respostei verbalmente e creo que efectivamente e suficiente é a miña opinión.

Nas Comisións van os asuntos que se van a dictaminar previo o Pleno ese é o obxectivo e a limpeza de praias é unha contratación ordinaria como fixemos nos últimos anos, sempre é a mesma e sempre se fai igual.



O barco efectivamente necesita persoal para sair, e o vamos a contratar conforme a un Plan que prevee a posibilidade de subvención a contratación dese persoal, e cando teña ese persoal vais air, e que non pode sair e sen persoal capacitado.

As beirarúas da Avda. de Gabeiras, xa o dixen o outro día, Portos de Galicia mete uns servicios ó Porto, e quería facelo polo medio da rúa, e se lle dixo que polo medio da rúa non que polas beirarúas, e nos di que se o fan así non teñen diñeiro para reposicións, pois non pasa nada neso consiste a colaboración inter-administrativa, non van a quedar os servicios portuarios sen algún dos servicios por culpa de que Portos de Galicia planificara mal unha obra.

En canto a Policia Local, non hai un informe hai dous, e a oposición ten dereito a expediente conclusos, este non esta concluído porque efectivamente se lle da traslado ó Secretario, para que faga un informe porque eu o ordeno, e en consecuencia en función dese informe non sei que medidas tomaremos para liberar a fotocopiadora so para os Concelleiros, e as queixas que se viñan producindo. O expediente ainda non está concluído falla o informe do Secretario e a Resolución que adoptemos ó respecto.

Sr. Sixto Galiano, ten 5 días para darme o informe, que o diga o Sr. Secretario.

Sr. Alcalde, Sixto estamos en rogos e preguntas ti preguntas e eu resposto te guste ou non.


En canto á numeración de calles e números se está facendo por unha petición expresa dunha Administración de Correos que se queixaba que as ruas e números sobre todo no rural estaban descalabradados, non seguían un orde. A administración de correos amenazaba con non repartir no rural e obrigar os veciños a solicitar apartados postais, e eso non podíamos aceptar, loitamos no seu momento porque en Ares houbera oficina técnica.

En relación co tema da casa de Chanteiro, como ten que ver a temas que afectan a Servicios Sociais e debido a que o Pleno e público, ese tema o falaremos en Comisión.

O Sr. Sixto Galiano solicita que conste en acta que a pregunta que lle fixen o Sr. Secretario vostede non a deixou respostar.

O Sr. Mesías Farias, formula o rogo que nas xuntas de voceiros que se pon "asuntos a tratar no pleno", que se poña outro punto que se denomine "rogos e preguntas".

O Sr. Alcalde, resposta que si as xuntas de voceiros son para asuntos que van a ser tratados no Pleno son para falar deses asuntos.



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

En Seselle, nos tiñamos a contratación de persoal, mais ou menos para a primeira semana de xullo, este ano en calquer caso anticipamos a contratación, están contratados desde antes, e eso se nota, porque ademais hai unha maquina alugada, esto se fai porque a nosa é moi vella en non limpia, e unha decisión do equipo de goberno, e creemos que a maquina limpiapraias é mellor alugala que mercala, entonces o limpiapraias se empezou a semana pasada e creo que se ven os resultados más que calquer outro ano. En Seselle que pasa que se corta un eucalipto e se tiran as ramas a praia, e quenes tiran as ramas a praia son os que se encargan de limpala despois e foi o que pasou.

E o tema da denuncia das bases, me di o Sr. Secretario que ainda vai hose a Xunta de Goberno.

En relación co tema da xente de limpeza de praias, a limpeza de praias con marea chea non esixe a todo o persoal, entonces valoramos en cada momento os traballos que son necesarios con bo criterio e os repartimos, todos os anos foi así e non causa ningunha sorpresa.

Finalmente o Sr. Luis Cendán, con referencia as alegaciones di que exactamente non o sabe, que están esperando as que chegan por correo, se están clasificando, e se lle envían o equipo redactdor, pero o número anda arredor de 600 alegacións.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e dous minutos do día o comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,



O SECRETARIO,

